

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
AGROALIMENTARIA E
DESENVOLVEMENTO RURAL**

Orde do 30 maio de 2005 pola que se desenvolve o Decreto 68/2004, do 11 de marzo, que regula a produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios.

O Decreto 68/2004, do 11 de marzo (DOG nº 64, do 1 de abril) sobre o sistema de produción integrada

e a súa indicación nos produtos agrarios, establece o marco normativo básico e os obxectivos xerais nos que se desenvolverá este sistema, nas producións vexetais e animais.

É necesario polo tanto establecer e regular as condicións, requisitos, procedementos e funcionamento de todos aqueles elementos vinculados á produción integrada co fin de que este sistema se articule correctamente.

Neste sentido o Decreto 68/2004, do 11 de marzo, establece a figura das APRIA- Agrupacións de Operadores de Producción Integrada- determinándoa como un dos instrumentos a través dos cales se poderá fomentar este sistema de produción, promovendo a súa creación mediante a incentivación oportuna que se estableza regulamentariamente. Esta orde recolle os requisitos que deberán ter as Agrupacións de Operadores de Producción Integrada APRIA-, así como o procedemento para recoñecer as que exerzan a súa actividade nesta comunidade autónoma.

Así mesmo, e co fin de poder xestionar e exercitar por parte da Administración as tarefas de seguimento, control e supervisión da produción integrada no ámbito galego, así como de dispoñer da información actualizada que permita coñecer a situación das producións, os operadores, entidades de certificación e demais axentes que interviñan no ámbito da produción integrada, desenvólvese a estrutura e funcionamento do Rexistro Oficial de Producción Integrada de Galicia así como o procedemento para a inscrición nel.

O control e certificación do proceso produtivo dos produtos agrarios baixo a norma de produción integrada, é un aspecto básico para garantir a seguridade e calidade ao longo da cadea agroalimentaria, asegurando a rastrexabilidade das producións obtidas.

Por unha banda a produción integrada exige un control interno de cada práctica ou operación levada a cabo na explotación, o que implica o control levado a cabo polo propio operador sobre a súa actividade; o autocontrol. Neste senso requirirase reflectir no tempo e para cada parcela ou unidade homoxénea de cultivo as operacións ou prácticas levadas a cabo na actividade de produción ou comercialización, así como os medios de produción empregados e as análises e mostraxes periódicas necesarias. O control interno vén reforzado pola asistencia obrigada dun servizo técnico cuxas funcións son velar polo cumprimento da norma e polo tanto verificar o autocontrol a través do seguimento do proceso produtivo nos seus ámbitos, coordinar, programar e asesorar, corrixindo, se é o caso, a práctica agraria ou operación que se vai seguir.

Por outra banda, existe tamén un control externo mediante o cal se verificará que as actividades levadas a cabo son conformes as normas técnicas xerais

e específicas de cada cultivo ou produto. O control externo poderázse realizarse ben por un ente ou organismo público ou ben a través de entidades de certificación, para as que se requirirá a correspondente acreditación pola Entidade Nacional de Acreditación, (ENAC) para a Norma da serie 45.000, cun alcance que inclúa a norma que se vai certificar.

As entidades de certificación deberán inscribirse no Rexistro Oficial de Producción Integrada co fin de poder exercer a súa actividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para o que requirirán a previa autorización da autoridade competente. Esta disposición recolle os requisitos e procedemento de autorización, vixencia e perda desta, así como o seu rexistro.

A acreditación por ENAC exige un control do funcionamento das entidades de certificación no tempo, co fin de comprobar o mantemento dos obxectivos e procedementos de control autorizados. Non obstante, a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, a través da Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, controlará e supervisará o sistema de control e certificación, garantindo que os operadores e os seus produtos se obtiveron de acordo á normativa vixente no sistema de produción integrada, de aplicación no ámbito da comunidade.

Co fin de poder diferenciar as producións obtidas baixo as técnicas de produción integrada, a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural define nesta orde unha identificación de garantía que consistirá na expresión produción integrada e un logotipo específico desta comunidade autónoma, que se poderá empregar nas producións que se verifique o cumprimento dos requisitos regulados.

Aspecto importante en todo o sistema de produción integrada é a formación. Do nivel formativo dos distintos axentes que interveñen no proceso produtivo dependerá, en gran medida, a receptividade e facilidade para levar a cabo as diferentes técnicas e prácticas agrarias no sistema de produción integrada, así como da capacidade de incorporar novas técnicas que redunden na calidade, e seguridade dos alimentos e na viabilidade da explotación.

Esta orde aborda este aspecto formativo, regulando o contido, organización e homologación dos cursos de formación.

Por último abórdanse diferentes aspectos que afectan o réxime sancionador e a súa aplicación no ámbito do sistema da produción integrada, tendo en conta o disposto na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e

no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta orde ten por obxecto o desenvolvemento do establecido no Decreto 68/2004, do 11 de marzo, sobre produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia, no que se refire ao seguinte:

- a) O recoñecemento das agrupacións de operadores de produción integrada.
- b) O funcionamento e procedemento de inscrición no Rexistro Oficial de Produción Integrada.
- c) O control, seguimento e certificación na produción integrada.
- d) A diferenciación dos produtos obtidos baixo técnicas de produción integrada.
- e) A formación.

Capítulo II

Das Agrupacións de Operadores de Produción Integrada da Comunidade Autónoma de Galicia (APRIA)

Artigo 2º.-Obxecto.

Este capítulo ten por obxecto regular o recoñecemento como Agrupación de Produción Integrada (APRIA) a aquelas agrupacións agrarias, que queiran obter produtos agrarios baixo requisitos de produción integrada (en adiante PI), para ser comercializados.

Artigo 3º.-Requisitos das Agrupacións de Produción Integrada.

O recoñecemento destas agrupacións implica o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Estar constituídas baixo calquera fórmula xurídica ou integradas noutras agrupacións previamente constituídas e recoñecidas pola autoridade competente para tal efecto, co obxecto de obter produtos agrarios baixo requisitos de PI para ser comercializados.
- b) Dispoñer dos servizos técnicos competentes en PI de conformidade co artigo 3 i) do Decreto 68/2004, do 11 de marzo, cumprindo cos mínimo, exixibles, indicados nos regulamentos técnicos específicos aprobados para cada produto ou grupo de produtos.
- c) Dispoñer dunha superficie mínima de cultivo, indicada nos regulamentos técnicos específicos aprobados para cada produto ou grupo de produtos. A superficie mínima deberá cumprirse para a parcela de cultivo, para cada un dos operadores e para a agrupación de operadores dese cultivo ou grupo de cultivos.

d) Reflectir nos seus estatutos:

* O obxecto da agrupación que será o de obter produtos agrarios baixo os requisitos de produción integrada para ser comercializados.

* A condición expresa de que os operadores deberán cumprir as instrucións técnicas que os servizos técnicos poidan establecer de acordo coa normativa vixente. As ditas instrucións, salvo xustificación expresa, deberán ser únicas para todos os asociados.

* O compromiso de actuar desde o seu recoñecemento como APRIA por un período mínimo de 5 anos.

e) Pertencer cada socio produtor soamente a unha APRIA por produto.

Artigo 4º.-Solicitud de recoñecemento das APRIA.

1. Para o recoñecemento como APRIA, as entidades interesadas deberán presentar unha solicitude segundo modelo recollido no anexo I, xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do CIF da agrupación.
- b) Copia cotexada do NIF do representante legal da APRIA e da documentación que o acredite como tal, mediante calquera documento admitido en dereito, que deixe constancia que faga fe.
- c) Copia cotexada da escritura de constitución e estatutos da agrupación actualizados e inscritos no rexistro correspondente, que deberán incluír as mencións estatutarias exixidas no artigo 3º d).
- d) No caso de APRIA formadas no seo dunha entidade con personalidade xurídica propia, documentos que acrediten a súa formación e recoñecemento pola dita entidade, e o mecanismo empregado para o seu funcionamento. Así mesmo, nos estatutos da entidade, deberase prever a creación da APRIA, así como as mencións estatutarias exixidas no artigo 3º d).
- e) Relación pormenorizada dos seus integrantes e compromiso suscrito por todos eles de cumprir as normas de produción integrada contidas nas disposicións estatais e autonómicas en vigor, segundo modelo do anexo III.
- f) Copia cotexada do documento acreditativo da vinculación contractual do Servizo Técnico con respecto á APRIA, así como da titulación do/s técnico/s da entidade.
- g) Copia cotexada do certificado de realización do curso de formación que acredite a súa cualificación ou compromiso de realzalo nun período máximo de 2 anos.
- h) No caso de produtores dedicados á produción vexetal, memoria asinada polo técnico competente onde se especifique para cada produtor asociado, polo menos:
 - I. Relación das parcelas en produción integrada, reflectindo as referencias catastrais (provincia,

municipio, parroquia, polígono, parcela e subparcela), segundo modelo do anexo IV, así como plano catastral destas sinalando nelas o mesmo número de referencia ao dito anexo, e os cultivos (especie e variedade) que se van realizar.

II. Descrición das súas instalacións, e dos locais ou almacéns e a súa función, sinalándoos tamén nun plano catastral.

III. Datos referentes ao cultivo ou grupo de cultivos en produción integrada, indicando especie, variedade e superficie de cultivo por parcela ou unidade homoxénea de cultivo (para cada cultivo, superficie á que se aplican operacións culturais e técnicas de cultivo similares, así como os mesmos tratamentos fitosanitarios. No caso de agrupacións de produtores, poderán existir UHC que inclúan cultivos ou partes de cultivos de varios agricultores), segundo modelo do anexo IV, e prácticas culturais que se vai realizar, especialmente fertilización e control fitosanitario, sinalando, se é o caso, a data na que por última vez se aplicaron produtos incompatibles co disposto nos regulamentos técnicos. Cultivos anteriores e rotación de cultivos, se é o caso.

IV. Volume estimado de produción e, se é o caso, acordos con centros de manipulación, elaboración, envasado, etiquetaxe, almacenamento ou comercialización.

V. Se é o caso, medidas concretas que se van adoptar para garantir o cumprimento da normativa de PI, e especialmente os regulamentos técnicos específicos dos cultivos ou produtos aos que se dedica.

i) No caso de operadores dedicados á produción animal, memoria asinada polo técnico competente onde se especifique para cada produtor asociado as características da súa explotación gandeira, reflexionando entre outros aspectos:

I. Descrición das instalacións: aloxamentos, sistema de estabulación, instalacións de muxidura, de xestión de residuos, e calquera outra instalación do seu sistema produtivo, indicando as súas referencias catastrais e localizándoas nun plano catastral.

II. Tipo de gando (especie e raza) e métodos de identificación dos animais.

III. A composición da dieta alimenticia prevista, plan de pastoreo e aproveitamento forraxeiro.

IV. Plan de tratamento zoonosanitario.

V. Sistema de manexo e reprodución.

VI. Estimación das producións gandeiras que se van obter.

2. O prazo de presentación de solicitudes quedará aberto coa aprobación do regulamento técnico específico que regule o sistema produtivo do cultivo, grupo de cultivos ou produción gandeira determinada, mediante orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Posteriormente, poderán presentarse durante todo o ano

natural e, en todo caso, como mínimo cun mes de antelación ao inicio da campaña de produción, entendendo por tal, para produtores, a realización de calquera práctica agrícola; e para o resto dos operadores, o inicio da actividade nos seus locais, almacéns e demais instalacións.

3. As APRIA, non poderán solicitar a inscrición no Rexistro Oficial de Produción Integrada ata que non fosen recoñecidas previamente.

4. As solicitudes dirixiranse ao director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, debendo presentarse preferentemente nos rexistros das delegacións provinciais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, onde se localicen a maioría das parcelas da APRIA. En todo caso, poderanse presentar por calquera das vías do artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 5º.-Tramitación e resolución do recoñecemento de APRIA.

1. Se a solicitude e a documentación presentadas non reunisen os requisitos sinalados ou fosen insuficientes, os servizos provinciais das delegacións requirirán o solicitante na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, para que no prazo de dez días emende as deficiencias ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese, a súa solicitude terase por desistida.

2. A Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, por proposta da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias, ditará e notificará a resolución ao interesado no prazo máximo de 6 meses, autorizando ou denegando a inscrición no rexistro. Transcorrido este tempo sen que recaia resolución expresa e sen notificación ao interesado, entenderase estimada a solicitude de inscrición de conformidade co disposto no artigo 43 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá presentarse recurso de alzada ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, ou no caso de que non se ditase resolución expresa, de tres meses a partir do día seguinte a aquel no que se produzan os efectos de silencio administrativo, de conformidade co establecido no artigo 114 e 115 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6º.-Modificación dos datos da APRIA.

Anualmente e antes do 31 de outubro presentaranse á Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, todas as modificacións documentais

que afecten o enumerado no artigo 4º desta orde, así como, se é o caso, a disolución da APRIA.

Artigo 7º.-Controis.

En calquera momento a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural poderá realizar as inspeccións técnicas que considere necesarias e reclamar á APRIA a documentación que permita comprobar o mantemento das condicións exixidas para o recoñecemento.

Artigo 8º.-Extinción do recoñecemento.

O incumprimento dos requisitos e condicións establecidas nesta orde, poderá dar lugar á extinción do recoñecemento da APRIA, previa tramitación de expediente administrativo para o seu efecto, coa correspondente baixa no Rexistro Oficial de Producción Integrada.

Capítulo III

Do Rexistro Oficial de Producción Integrada da Comunidade Autónoma de Galicia

Sección primeira

Natureza e estrutura do rexistro

Artigo 9º.-Natureza do rexistro.

O Rexistro de Producción Integrada de Galicia ten carácter público, e funcionará de acordo cos principios de coordinación e comunicación coa Administración do Estado, conforme o punto 2) do artigo 15 do Real decreto 1201/2002, do 20 de novembro, ao artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, á Lei orgánica 15/1999, do 13 de setembro, de protección de datos de carácter persoal e pola normativa vixente relativa á xestión de ficheiros automatizados de carácter persoal.

Artigo 10º.-Estrutura do rexistro.

1. O dito rexistro é único para toda a comunidade autónoma e encóntrase adscrito á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, responsable da súa xestión a través da Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

2. Neste rexistro haberá dúas seccións.

-Sección de operadores.

-Sección de entidades de certificación.

Na sección de operadores diferenciaranse aqueles acollidos á identificación de garantía da comunidade autónoma de aqueles outros operadores acollidos á identificacións de garantía privadas.

Os operadores poderán ter a consideración de:

a) Produtores (dedicados á obtención de produtos).

b) Operadores dedicados á elaboración, manipulación, envasado, almacenamento, etiquetaxe ou comercialización dos produtos obtidos polos produtores).

Un operador poderá compartir ambas as consideracións.

Para cada operador consignaranse os cultivos, grupos de cultivos ou producións gandeiras ás que se adscribe no Rexistro Oficial de Producción Integrada.

3. A inscrición no rexistro é requisito previo obrigatorio para o exercicio da actividade como operador ou entidade de certificación de produción integrada na Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o artigo 11 do Decreto 68/2004, do 11 de marzo.

4. A cada operador asignaráselle unha identificación de operador que consistirá nun número de dez díxitos: os dous primeiros correspondentes ao código da Comunidade Autónoma de Galicia, os dous seguintes relativos ao código da provincia, os catro díxitos seguintes identificativos do número de orde da inscrición e os dous últimos, responderán ao ano da inscrición no rexistro oficial. Esta identificación deberá aparecer en todos os documentos relacionados coas actividades de produción integrada, ademais da obriga da súa indicación na etiquetaxe de produtos.

5. O número de identificación do operador permanecerá invariable, sen prexuízo das modificacións que puidesen producirse na súa configuración.

6. Así mesmo, a cada entidade de certificación recoñecida provisionalmente ou autorizada asignaráselle unha identificación da entidade que consistirá nun número de oito díxitos: os dous primeiros correspondentes ao código da Comunidade Autónoma de Galicia, os dous seguintes estarán formados polas letras EC, os dous seguintes corresponderán ao número de orde da inscrición no rexistro oficial, e os dous últimos, responderán ao ano da inscrición no Rexistro Oficial desta comunidade autónoma. Esta identificación deberá aparecer en todos os documentos relacionados coas actividades de produción integrada, ademais da obriga da súa indicación na etiquetaxe de produtos.

Sección segunda

Rexistro de operadores

Artigo 11º.-Requisitos para a inscrición dos operadores.

Para a inscrición no Rexistro Oficial de Producción Integrada os operadores deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Dispoñer dunha superficie mínima de cultivo, indicada nos regulamentos técnicos específicos aprobados para cada cultivo ou produto ou grupo de cultivos ou produtos.

b) Dispoñer da asistencia dun servizo técnico competente en PI de acordo co dito no punto i) do artigo 3º do decreto e cumprir cos mínimos exixibles respecto a este servizo, indicadas nos devanditos regulamentos técnicos.

c) Vincularse a unha entidade de certificación autorizada pola autoridade competente para o control e certificación da produción.

d) Estar en condicións de producir ou comercializar de acordo co sistema de produción integrada regulado no Decreto 68/2004, do 11 de marzo e disposicións que o desenvolvan, verificándose mediante informe previo das entidades de certificación ou órgano encargado do control e certificación.

Artigo 12º.-Solicitud de inscrición de operadores.

1. Unha vez aprobado o regulamento técnico específico dun cultivo ou produto ou grupo de produtos quedará aberto o prazo de solicitude na sección correspondente do Rexistro Oficial de Produción Integrada, podendo presentarse ao longo do ano natural e, en todo caso, como mínimo, cun mes de antelación ao inicio da campaña de produción, entendendo por tal, para produtores, a realización de calquera práctica agrícola; e para o resto dos operadores, o inicio da actividade nos seus locais, almacéns e demais instalacións.

2. Poderán inscribirse no rexistro oficial como operadores:

a) Agrupacións de operadores que revistan calquera fórmula asociativa das admitidas en dereito.

b) Agrupacións de operadores de produción integrada (APRIA), recoñecidas pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

c) Entidades agrarias (persoas físicas ou xurídicas) que vaian realizar actividades de produción ou comercialización conforme o especificado na letra c) do artigo 3º do Decreto 68/2004.

3. Para a inscrición no dito rexistro o interesado deberá cubrir o modelo de solicitude conforme se indica no anexo II xunto coa documentación sinalada a continuación:

a) Copia cotexada do NIF/CIF do operador.

b) No seu caso, copia cotexada do NIF do representante legal da entidade e da documentación que o acredite como tal, mediante calquera documento admitido en dereito, que deixe constancia que faga fe.

c) No caso de tratarse dun operador con personalidade xurídica, copia cotexada da escritura de constitución e dos estatutos da entidade actualizados e inscritos no rexistro correspondente.

d) Relación pormenorizada dos seus integrantes, e compromiso suscrito por todos eles de cumprir as normas de produción integrada contidas nas disposicións estatais e autonómicas en vigor segundo modelo de anexo III.

e) Copia cotexada do documento acreditativo da vinculación contractual do servizo técnico con respecto á agrupación ou entidade, así como da titulación do/s técnico/s da entidade e do certificado da realización do curso que acredite a súa cali-

ficación en materia de produción integrada, ou compromiso de ter que realizalo no prazo máximo de dous anos. No caso que o operador dirixa a súa propia explotación deberá acreditar a documentación referente á súa titulación e cualificación.

f) Documento no que se acredite a vinculación cunha entidade de certificación que verificará o cumprimento da normas técnicas e demais normativa vixente en PI que sexa de aplicación nesta comunidade autónoma.

g) Para aqueles operadores dedicados a actividades de obtención de produtos, memoria asinada polo técnico competente onde se especifique para cada un dos integrantes asociados polo menos:

I. Relación das parcelas en produción integrada, reflectindo as referencias catastrais (provincia, municipio, parroquia, polígono, parcela e subparcela), segundo modelo do anexo IV, así como plano catastral delas sinalando nelas o mesmo número de referencia ao dito anexo e os cultivos (especie e variedade) que se vai realizar.

II. Descrición das súas instalacións, e dos locais ou almacéns e a súa función, sinalándoos tamén no plano catastral.

III. Datos referentes ao cultivo ou grupo de cultivos en produción integrada, indicando especie, variedade e superficie de cultivo por parcela ou unidade homoxénea de cultivo (para cada cultivo, superficie á que se aplican operacións culturais e técnicas de cultivo similares, así como os mesmos tratamentos fitosanitarios. No caso de agrupacións de produtores, poderán existir UHC que inclúan cultivos ou partes de cultivos de varios agricultores), segundo modelo do anexo IV, e prácticas culturais que se vaian realizar, especialmente fertilización e control fitosanitario, sinalando, se é o caso, a data na que por última vez se aplicaron produtos incompatibles co disposto nos regulamentos técnicos. Cultivos anteriores e rotación de cultivos.

IV. Volume estimado de produción e, se é o caso, acordos con centros de manipulación, almacenamento, envasado ou transformación.

V. No seu caso medidas concretas que se van adoptar para garantir o cumprimento da normativa de PI, e especialmente os regulamentos técnicos específicos do cultivo ou produtos aos que se dedica.

h) No caso de operadores dedicados á produción animal, memoria asinada polo técnico competente onde se especifiquen para cada produtor asociado as características da súa explotación gandeira, reflectindo entre outros aspectos:

I. Descrición das instalacións: aloxamentos, sistema de estabulación, instalacións de muxidura, de xestión de residuos, e calquera outra instalación do seu sistema produtivo, indicando as súas referencias catastrais e localizándoas nun plano catastral.

II. Tipo de gando (especie e raza) e métodos de identificación dos animais.

III. A composición da dieta alimenticia prevista, plan de pastoreo e aproveitamento forraxeiro.

IV. Plan de tratamento zosanitario.

V. Sistema de manexo e reprodución.

VI. Estimación das producións gandeiras que se van obter.

i) Para os operadores dedicados á manipulación, elaboración, envasado, almacenamento, etiquetaxe ou comercialización, memoria asinada polo técnico competente onde se especifique polo menos:

I. Relación dos centros de manipulación, elaboración, envasado, etiquetaxe, almacenamento ou comercialización, con referencias catastrais da súa localización, segundo modelo do anexo V, sistema específico de manipulación, transformación e envasado dos produtos, as marcas comerciais e canais de comercialización empregados, así como a estimación dos volumes dos produtos que se van comercializar.

II. Planos catastrais localizando coa mesma referencia que no anexo V, os centros de operación descritos no punto anterior.

III. Certificado de inscrición no rexistro de industrias agrarias o nos rexistros correspondentes en función das actividades que se van desenvolver.

4. No caso das APRIA, o modelo de solicitude de inscrición irá acompañado dunha copia da resolución de recoñecemento máis a documentación correspondente ás actualizacións de datos que proceda, eximíndoselles da presentación do resto dos documentos.

5. As solicitudes de inscrición irán dirixidas ao director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, debendo presentarse preferentemente nos rexistros das delegacións provinciais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, onde se localicen a maioría das parcelas ou locais. En todo caso, poderanse presentar por calquera das vías do artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 13º.-Tramitación e resolución da solicitude de inscrición.

1. No caso de que a solicitude e/ou documentación presentadas non reúna todos os requisitos exixidos ou sexan insuficientes, requirirase o interesado para que, no prazo máximo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese, terase por desistida a súa petición.

2. As entidades de certificación autorizadas ou recoñecidas provisionalmente ou, se é o caso, o ente

ou organismo público pertinente, efectuarán unha auditoría previa, verificando na explotación, nos locais e/ou nos centros de operacións indicados, os datos referidos na solicitude así como o cumprimento dos requisitos e compromisos exixidos na normativa de PI de aplicación na comunidade autónoma, e comprobando que están en condicións de producir ou comercializar de acordo coa dita normativa. Posteriormente emitirán un documento informando sobre a súa idoneidade, que lle facilitará ao operador e á autoridade competente.

3. A Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria á vista do dito informe e por proposta da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias ditará e notificaralle a resolución ao interesado no prazo máximo de 6 meses, autorizando ou denegando a inscrición no rexistro. Transcorrido este tempo sen que recaia resolución expresa e sen notificación ao interesado entenderase estimada a solicitude de inscrición de conformidade co disposto no artigo 43 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá presentarse recurso de alzada ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, ou no caso, de que non fose ditada resolución expresa, de tres meses a partir do día seguinte a aquel no que se produzan os efectos de silencio administrativo, de conformidade co establecido no artigo 114 e 115 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 14º.-Vixencia da inscrición.

A inscrición no rexistro dos operadores terá unha vixencia de cinco anos. A renovación realizarase polo mesmo tempo por instancia dos interesados, e dirixindo a solicitude á Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria con tres meses de antelación ao vencemento dese prazo, contado desde a data de resolución do rexistro. O procedemento de renovación de inscrición realizarase de conformidade co establecido no artigo 13º desta orde.

Artigo 15º.-Modificación dos datos rexistrados e baixa no rexistro.

1. Co fin de dispoñer de datos actualizados, os operadores inscritos no Rexistro Oficial de Producción Integrada desta comunidade deberán comunicarlle á Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, de acordo co modelo establecido no anexo II, no prazo máximo dun mes desde que se producen os cambios e en todo caso con antelación ao inicio de cada campaña, calquera modificación dos datos que figuren rexistrados e en particular os relativos a cambios de titularidade, entidade de certificación, técnico responsable, variacións das superficies e cultivos, variacións dos locais ou pro-

datos de elaboración, traslado e cesamento da actividade.

2. Sen prexuízo das sancións que correspondan por infracción da normativa vixente en defensa da calidade da produción agroalimentaria, se é o caso, a cancelación e baixa na sección de operadores do Rexistro Oficial de PI, poderá efectuarse, previo trámite do procedemento correspondente, nos seguintes supostos:

- a) Cando voluntariamente así o solicite o operador.
 - b) Cando, transcorrido o prazo de vixencia de inscrición, o operador non solicite a renovación da inscrición.
 - c) Por incumprimento dos requisitos e compromisos que deron lugar á inscrición.
 - d) Por resolución da autoridade competente da falta de actividade do operador ou do incumprimento grave durante dúas campañas consecutivas.
3. Tras a renuncia voluntaria dun operador inscrito e a súa conseguinte baixa no rexistro, non poderá formularse unha nova solicitude de inscrición ata despois de transcorridos dous anos desde a formulación da renuncia.

Artigo 16º.-Deber de información.

A comunidade autónoma remitiralle anualmente ao MAPA unha relación dos volumes comercializados coa identificación de garantía de produción integrada, dos operadores rexistrados no seu ámbito territorial con indicación dos datos identificativos destes, así como das entidades de certificación que operan no seu territorio.

Sección terceira

Rexistro de entidades de certificación

Artigo 17º.-Requisitos e procedemento.

Para inscribirse no Rexistro Oficial de Produción Integrada, as entidades de certificación que queiran exercer a súa actividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia deberán obter previamente a autorización da autoridade competente conforme o indicado no artigo 23º desta orde. Unha vez obtida a dita autorización, inscribíranse de oficio na sección correspondente do rexistro oficial.

Artigo 18º.-Vixencia da inscrición, renovación e baixa no rexistro.

1. A inscrición no rexistro oficial terá unha vixencia máxima de 3 anos, correspondendo ao período de autorización da entidade de certificación pola autoridade competente. A súa renovación e baixa no rexistro realizarase de oficio de acordo cos artigos 26º e 28º desta orde.

2. A baixa no rexistro oficial dunha entidade de certificación por algunha das causas reguladas no artigo 28º desta orde implica non poder solicitar unha nova inscrición ata transcorrido un período mínimo de dous anos.

Capítulo IV

Do seguimento, control, e certificación

Artigo 19º.-Deber xeral.

1. Todas as parcelas de produción integrada, así como os aloxamentos gandeiros, centros de manipulación, elaboración, envasado, etiquetaxe, almacenamento, e comercialización dos operadores e as súas instalacións e equipamento poderán ser inspeccionados para vixiar o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa de aplicación.

Artigo 20º.-O control interno.

1. O operador levará a cabo un autocontrol da explotación, reflectindo nun caderno de explotación oficial no caso do produtor, todas as prácticas realizadas no proceso de obtención do produto, desde a preparación do terreo e sementeira ata a súa recolección, de xeito que se garanta a rastrexabilidade no seu proceso de obtención. No caso dun operador dedicado á elaboración, manipulación, envasado, almacenamento, etiquetaxe ou comercialización exixiráselle un libro de rexistro, onde reflectirá as materias e produtos entrantes, todas as prácticas realizadas no proceso produtivo que corresponda así como os produtos saíntes, de xeito que, así mesmo, se garanta a súa rastrexabilidade. Ambos os dous estarán á disposición dos organismos controladores establecidos.

2. O servizo técnico competente realizará as funcións de asesoramento e seguimento do cultivo ou produto nas fases anteriormente especificadas, controlando os puntos críticos do proceso produtivo e ditando as recomendacións ou instrucións pertinentes que quedarán reflectidas no caderno de explotación ou no libro de rexistro.

3. Cada técnico poderá estar ao fronte dun máximo de operadores ou explotacións, superficie e número de parcelas, específico do cultivo ou produto de que se trate, que virá indicado nos regulamentos técnicos correspondentes.

4. Nas inspeccións avaliaranse parámetros cuantificables axustándose aos requisitos estipulados nos regulamentos técnicos específicos dos cultivos ou produtos.

5. Os resultados dos seguimentos e controis efectuados polo servizo técnico serán anotados, avaliados e documentados na correspondente acta de inspección, facilitando unha copia ao operador.

Artigo 21º.-O control externo: a certificación.

1. O control e certificación da produción integrada poderá ser realizado por entes ou organismos públicos ou ben a través de entidades de certificación.

2. As entidades de certificación que queiran exercer a súa actividade no ámbito desta comunidade autónoma deberán estar inscritas na sección correspondente do Rexistro Oficial de PI, para o que requirirá a autorización previa da autoridade competente.

Artigo 22º.-Autorización das entidades de certificación. Requisitos.

Para obter a autorización as entidades de certificación deberán cumprir, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Estar acreditadas no cumprimento das normas EN 45.011, pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) ou calquera outro organismo de acreditación asinante do Acordo Multilateral de Recoñecemento da European Cooperation for Accreditation (EA), cun alcance que inclúa a norma do produto obxecto de control e certificación.

No obstante o anterior, se a entidade de certificación, no momento de solicitar a autorización non dispuxese da acreditación correspondente, téndoa solicitado previamente, a autoridade competente poderá recoñecelas provisionalmente, sempre e cando se considere que responde ao establecido á norma ISO/IEC65/EN 45.011, durante un período máximo de dous anos, podéndose prorrogar este recoñecemento provisional, cando a entidade de acreditación xustifique que non puido finalizar o proceso acreditativo.

b) Ter establecido un procedemento de certificación e presentar a documentación acreditativa para o cumprimento dos requisitos exixidos no punto 6) do artigo 7 do Decreto 68/2004, do 11 de marzo.

c) No caso de que as entidades de certificación establezan acordos con entidades de inspección deberán ter establecido de forma conxunta un procedemento de inspección no que participen ambas as dúas e inclúa a produción, manipulación, elaboración ou transformación dos distintos produtos certificados. As entidades que participen nestes acordos, tamén deberán estar acreditados no cumprimento da Norma EN 45004.

Artigo 23º.-Solicitud de autorización das entidades de certificación.

1. A solicitude de autorización para a inscrición no rexistro oficial formalizarase mediante instancia dirixida ao director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria segundo o modelo do anexo VI podendo presentarse por calquera das vías do artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. Xunto coa solicitude deberá incorporar ademais a documentación que se especifica a continuación:

- a) Copia cotexada do CIF da entidade.
- b) Copia cotexada da escritura de constitución e dos estatutos da entidade actualizados e inscritos no rexistro correspondente.
- c) Copia cotexada do NIF do representante legal da entidade, e da documentación que o acredite como tal, mediante calquera documento admitido en dereito, que deixe constancia que faga fe.

d) Certificado ENAC cun alcance que inclúa o documento normativo, o regulamento do produto que se vai certificar.

e) Non obstante o anterior, as entidades de certificación que no momento da solicitude de autorización non dispuxesen da acreditación correspondente, achegarán copia cotexada da solicitude de acreditación á entidade de acreditación e do número de expediente asignado.

f) Documento normativo ou norma do produto que se solicita certificar.

g) Manual de calidade da entidade e procedementos de control e das medidas precautorias que a entidade se compromete a impoñer aos operadores suxeitos ao seu control, así como aqueles procedementos que se van seguir en caso de irregularidades ou infraccións, reclamacións dos operadores, e información á autoridade competente cando se produza algún dos supostos anteriores.

h) Memoria descritiva dos medios humanos e materiais, reflectindo o organigrama da entidade por áreas ou actividades, currículo, cargo, funcións e competencias do cadro de persoal, experiencia en materia de control e fiabilidade. Instalacións, equipamentos e outros medios materiais.

i) Tarifas aplicables para a apertura do expediente, primeira auditoría, certificación, análise e mantemento.

j) Póliza de seguros de responsabilidade por un importe non inferior a 600.000 euros.

k) Acordos formalizados ou contratos, se é o caso, con entidades de inspección ou con laboratorios de ensaios ou de análises autorizados que cumpran as correspondentes normas aplicables.

l) Compromiso de poñer á disposición da autoridade competente, a información requirida conforme o especificado no artigo 25º desta orde.

m) Compromiso de comunicar con periodicidade mensual á autoridade competente, as concesións para o emprego das distintas identificacións no sistema de produción integrada, dentro do ámbito territorial de Galicia.

n) Declaración de calquera outra actividade que realice a entidade, ademais da actividade de certificación.

Artigo 24º.-Tramitación e resolución da autorización de entidades de certificación.

1. No caso de que a solicitude e/ou documentación presentadas non reúna todos os requisitos exixidos ou sexan insuficientes, a Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias, requirirá o interesado para que no prazo máximo de dez días emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese, terase por desistida a súa petición.

2. Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos e no prazo de seis meses contados desde a data da solicitude, o director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, por proposta da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias, ditará e notificará a resolución. Transcorrido este tempo sen que recaia resolución expresa e sen notificación ao interesado entenderase estimada a solicitude de inscrición de conformidade co disposto no artigo 43 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá presentarse recurso de alzada ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, ou no caso de que non fose ditada resolución expresa, de tres meses a partir do día seguinte a aquel no que se produzan os efectos de silencio administrativo, de conformidade co establecido no artigo 114 e 115 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A concesión da autorización implicará de acordo co artigo 17º desta orde, a inscrición de oficio na sección correspondente do Rexistro Oficial de PI da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 25º.-Comunicación de irregularidades.

No caso de que as entidades de certificación detectasen incumprimentos por parte dos operadores da normativa vixente aplicable no réxime de produción integrada, comunicaranllo á Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria. As comunicacións efectuaranse trimestralmente, detallando unha relación de operadores coa situación de incumprimentos e irregularidades detectadas e as medidas correctoras ou provisionais adoptadas.

Artigo 26º.-Vixencia e renovación da autorización das EC.

1. A autorización das entidades de certificación terá una vixencia máxima de tres anos, podendo renova-la polo mesmo período solicitándolle á Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, nos 3 meses anteriores ao vencemento do prazo de autorización ou recoñecemento provisional, a renovación da autorización conforme o modelo que figura no anexo VI desta orde.

2. A falta de presentación da solicitude de renovación ou da documentación de actualización de datos no prazo establecido dará lugar á iniciación de procedemento de retirada da autorización de acordo co artigo 28º desta orde.

3. A Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, unha vez efectuadas as comprobacións oportunas, procederá á actualización da autorización, por un novo período de tres anos, renovándose tamén de oficio a vixencia de inscrición da entidade de certificación na sección correspondente do rexistro oficial.

4. Non obstante e no primeiro mes de cada ano, as entidades de certificación deberán actualizar os seus datos, achegando a seguinte documentación:

a) Para entidades acreditadas, copia cotexada do documento de mantemento ou renovación da acreditación emitido pola entidade de acreditación ou organismo acreditado ou copia de solicitude deste.

b) Para entidades en proceso de acreditación, informe emitido pola entidade de acreditación sobre a situación da acreditación solicitada ou das incidencias detectadas, segundo proceda, que desen orixe á non consecución da acreditación na data prevista de solicitude.

c) Listaxe de operadores cos seus respectivos enderezos.

d) Plan anual de certificación para o ano en curso.

e) Listaxe de certificados de aptitude de produtos emitidos.

f) Listaxe de concesións de identificacións de garantía efectuadas, marcas e cantidades comercializadas con estas identificacións e relación de etiquetas emitidas para cada operador e produto.

g) Informe que recolla tanto o grao de cumprimento do establecido nos respectivos documentos normativos ou regulamentos como as actuacións de inspección ou certificación do produto, resumo anual das comunicacións e irregularidades detectadas e das medidas correctoras adoptadas e, se é o caso, as sancións impostas.

h) Informe de auditoría interna da entidade de certificación.

i) Listaxe de entidades de inspección, se é o caso, cos acordos para a realización de controis.

j) Documentos de manual de calidade e procedementos que fosen obxecto de modificación aos presentados anteriormente.

Artigo 27º.-Incidencias posteriores.

Calquera modificación na documentación presentada en relación coa autorización ou actualización de datos deberá ser comunicada á Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, no prazo máximo dun mes desde que ocorra esta.

Artigo 28º.-Retirada da autorización das EC.

Cando deixen de cumprirse os requisitos que deron lugar á autorización, se detecte o incumprimento da actividade para a que foi autorizada ou outros incumprimentos regulados nesta orde, ou ben se teña coñecemento deles por comunicación do órgano competente doutra comunidade autónoma ou do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, logo de tramitación do oportuno procedemento, dará audiencia á entidade de certificación, co fin de adoptar as accións correctoras oportunas ou, se procede, determinar a cancelación da autorización e correspondente baixa no rexistro oficial desta comunidade.

Artigo 29º.-Seguimento e supervisión.

1. A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, a través da Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria establecerá anualmente un plan de controis da produción integrada para a realización de inspeccións a:

* Entidades de certificación.

* Os servizos técnicos competentes.

* Os operadores inscritos no Rexistro Oficial de Produción Integrada.

Os controis poderán desenvolverse documentalmente e con visitas ás explotacións ou instalacións e oficinas, segundo proceda.

2. As entidades de certificación deberán conservar durante un prazo mínimo de cinco anos a documentación relativa á concesión, certificación, controis, auditorías e, se é o caso, inspeccións que se efectúen aos operadores que participan no réxime da produción integrada.

Capítulo V

Da diferenciación do produto

Sección primeira

A identificación de garantía da comunidade autónoma

Artigo 30º.-Disposicións xerais.

1. Os produtos obtidos de acordo ás normas de PI definidas no Decreto 68/2004 e disposicións que a desenvolven concretamente os regulamentos técnicos dos cultivos ou produtos aprobados nesta comunidade poderán diferenciarse cunha identificación de garantía que consistirá na expresión produción integrada e nun logotipo para o efecto establecido por esta comunidade autónoma, reflectido no anexo VII.

2. Ademais do distintivo de identificación de garantía a etiquetaxe deberá incluír a identificación do operador co seu número de rexistro ou denominación así como o nome ou código da entidade de certificación.

3. Quedará prohibida a utilización da identificación de garantía de produción integrada, aprobada pola autoridade competente, naqueles produtos agrarios non obtidos de acordo co establecido no Decreto 68/2004 e disposicións que o desenvolven. Así mesmo, tamén quedan prohibidos os signos, marcas, expresións, sinais, lendas ou logotipos que poidan dar lugar a confusión, aínda que vaian acompañados de expresións como tipo ou outras semellantes.

Artigo 31º.-Autorización para o emprego da identificación de garantía autonómica.

Os operadores que desexen incluír na etiquetaxe dos seus produtos a identificación de garantía de produción integrada co logotipo ou distintivo da comunidade autónoma requirirán dispoñer da previa autorización da autoridade competente para o seu emprego. A dita autorización permitirá a concesión

nas sucesivas campañas, do número de etiquetas necesario para cada produto unha vez efectuados os controis e inspección pertinentes e verificado o cumprimento da norma técnica que corresponda e demais disposicións vixentes respecto o sistema de produción integrada.

Artigo 32º.-Requisitos para a concesión da autorización.

A autorización do emprego da identificación de garantía de Produción integrada na comunidade autónoma require para cada produto o cumprimento dos requisitos sinalados a continuación:

a) O produto se obtivese conforme as normas xerais para a produción e, se é caso, para a transformación en produción integrada, reflectidas no anexo I, anexo II no seu caso, e anexo III do Real decreto 1201/2002, do 20 de novembro, así como as normas dos regulamentos técnicos específicos que lle sexan de aplicación ao operador.

b) O cumprimento das ditas condicións fose controlado en todas as fases de produción polos organismos ou as entidades de certificación autorizadas.

c) O produto fose obtido por operadores inscritos na sección correspondente do Rexistro Oficial de PI.

Artigo 33º.-Solicitud para a concesión da autorización do emprego da identificación de garantía autonómica.

1. O interesado deberá presentar unha solicitude axustada ao modelo do anexo VIII, xunto coa documentación que se indica a continuación:

-Fotocopia do CIF/NIF do solicitante e no seu caso NIF do representante legal.

-Certificado da entidade de certificación ou do ente ou organismo público de control sobre o cumprimento da norma técnica do produto para o que o operador está rexistrado.

2. A solicitude de autorización do emprego da identificación de garantía, irá dirixida ao director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, podendo presentarse por calquera das vías do artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 34º.-Tramitación e resolución das solicitudes de autorización do emprego da identificación de garantía autonómica.

1. No caso de que a solicitude e/ou documentación presentadas non reúna todos os requisitos exixidos ou sexan insuficientes, requirirase o interesado para que, no prazo máximo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese, terase por desistida a súa petición.

2. Comprobado o cumprimento dos requisitos e no prazo máximo de 6 meses desde a data de presentación da solicitude, o director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, por proposta da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias, ditará resolución expresa sobre a autorización para emprego da identificación de garantía. Transcorrido este tempo sen que recaia resolución expresa e sen notificación ao interesado entenderase estimada a solicitude de inscrición de conformidade co disposto no artigo 43 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá presentarse recurso de alzada ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, ou no caso de que non fose ditada resolución expresa, de tres meses a partir do día seguinte a aquel no que se produzan os efectos de silencio administrativo, de conformidade co establecido no artigo 114 e 115 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 35º.-Vixencia da autorización.

A vixencia da autorización do emprego da identificación de garantía produción integrada da Comunidade Autónoma de Galicia será de cinco anos.

Artigo 36º.-Renovación da concesión de autorización da identificación de garantía autonómica.

Transcorridos os anos de vixencia establecidos no artigo 35º, o operador deberá presentar solicitude de renovación da autorización dirixida ao director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, segundo modelo establecido no anexo VIII. O procedemento para a renovación da autorización será o establecido de acordo co artigo 34º.

Artigo 37º.-Modificación de datos e renuncia.

1. Calquera modificación dos datos que figuren na autorización deberá, ser comunicada á Dirección de Producción e Sanidade Agropecuaria no prazo máximo dun mes desde que se producisen, segundo o modelo establecido no anexo VIII.

2. O operador autorizado para o emprego da identificación de garantía poderá renunciar voluntariamente a esta, non podendo formular unha nova solicitude de autorización ata transcorridos dous anos desde a formulación da renuncia.

Artigo 38º.-Retirada da autorización.

Cando se comprobe a existencia dun incumprimento do previsto na normativa reguladora da produción integrada, e sen prexuízo das sancións que procedesen, o director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, logo de tramitación do procedemento oportuno, poderá retirar a autorización para o emprego da identificación de garantía, previa tramitación do expediente administrativo para o efecto.

Artigo 39º.-Autorización de emisión de etiquetas coa identificación de garantía autonómica.

1. A autorización de emisión de etiquetas coa identificación de garantía autonómica será realizada polas entidades de certificación autorizadas que certifiquen a fase de etiquetaxe.

2. Co fin de garantir o control na emisión da etiquetaxe, o interesado solicitaralle anualmente á entidade de certificación que lle efectuou os controis, a numeración ou codificación necesaria que deberá levar a dita etiquetaxe de xeito que se garanta a rastrexabilidade do produto.

3. A solicitude realizarase coa antelación suficiente e irá xunto coa documentación especificada a continuación:

-Tipo de produto (especie e variedade).

-Explotacións e parcelas das que procede o produto.

-Volume ou cantidade total para o que se solicita a etiquetaxe.

-Sistema de envasado (número de envases e capacidade) para o que se empregarán as etiquetas.

-Canais de comercialización.

4. Cando as fases das actividades de produción sexan levadas a cabo por operadores diferentes, os produtos agrarios deberán ir xunto cun documento no que se identifique inequivocamente o responsable da fase produtiva de que se trate, o órgano ou entidade de control e o produto.

Sección segunda

As identificacións de garantía privadas

Artigo 40º.-Recoñecemento das identificacións de garantía privadas.

1. As identificacións de garantía de produción integrada de carácter privado, establecidas e aprobadas de acordo co artigo 10 do Decreto 68/2004, do 11 de marzo, requirirán ser recoñecidas pola autoridade competente, co fin de garantir un control e seguimento do desenvolvemento xeral do sistema de produción integrada na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste senso, a entidade interesada en levar a cabo algunha fase de produción (obtención, manipulación, elaboración, envasado, etiquetaxe, almacenamento), deberá informar antes de iniciar a súa actividade correspondente, á Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, dos procedementos e protocolos nos que se ampara o seu sistema de calidade, así como dos seus regulamentos técnicos específicos dos produtos que se van certificar, que deberán conter, como mínimo, as exixencias obrigatorias e prohibidas especificadas nas normas xerais e nos regulamentos técnicos específicos de produtos aprobados para a identificación de garantía de produción integrada de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 5 do Decreto 68/2004, do 11 de marzo.

2. Xunto co informe para o recoñecemento da identificación de garantía privada, a entidade interesada deberá presentar ademais a seguinte documentación:

a) CIF, escritura de constitución e estatutos da entidade, actualizados e inscritos no rexistro correspondente.

b) Se é o caso, NIF do representante legal e documento que o acredite como tal mediante calquera documento admitido en dereito e que deixe constancia que faga fe.

c) Manual de calidade, procedementos e protocolos polos que se rexerá a identificación de garantía.

d) Distintivo da identificación de garantía, así como marcas e etiquetas que se vaian empregar con esta.

e) Regulamentos técnicos dos produtos obxecto da certificación da identificación de garantía.

f) Compromiso de comunicación ao termo de cada período anual de calquera modificación dos documentos do sistema de calidade da identificación de garantía, sempre que nel non se varíen cuestións fundamentais, respecto ao manual de calidade e procedementos e respecto aos regulamentos técnicos de produtos, presentando con relación a estes últimos a documentación e informes técnicos que a xustificuen.

g) Compromiso de cumprir coa normativa de produción integrada regulada no Decreto 68/2004 e disposicións que a desenvolven e, concretamente coas letras a), b) e c) do artigo 10 do dito decreto.

3. No caso de modificacións substanciais que afecten o manual de calidade e procedementos, así como os regulamentos técnicos específicos dos produtos, unha vez realizadas as correspondentes modificacións a súa aplicación quedará condicionada a un novo recoñecemento expreso do sistema de calidade no que se sustenta a identificación de garantía.

Artigo 41º.-Procedemento de recoñecemento da identificación de garantía privada.

1. Unha vez revisada a documentación presentada se non reunise todos os requisitos exixidos, a Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria requirirá o interesado para que no prazo de dez días emende o xunte os documentos preceptivos, coa indicación de que se así non o fixese, teráselle por desistida a súa solicitude.

2. Comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e tras os informes que se consideren procedentes, a Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria resolverá o recoñecemento da identificación de garantía de carácter privado, indicando especificamente os produtos que se poidan certificar dentro do réxime de produción integrada.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de seis meses contados a partir da data

de entrada da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que fose notificada a resolución, a solicitude entenderase estimada.

4. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá presentarse recurso de alzada ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, ou no caso de que non fose ditada resolución expresa, de tres meses a partir do día seguinte a aquel no que se produzan os efectos de silencio administrativo, de conformidade co establecido no artigo 114 e 115 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 42º.-Retirada do recoñecemento da identificación de garantía privada.

1. O incumprimento do establecido nesta orde e da normativa aplicable en produción integrada, dará lugar á retirada do recoñecemento da identificación de garantía de carácter privado. O director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria resolverá e notificará a retirada da autorización, no prazo máximo de 6 meses, previa instrución do procedemento para o efecto.

2. Serán causas suficientes para resolver a retirada do recoñecemento da identificación de garantía de carácter privado, sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder, as seguintes:

a) Por petición do interesado.

b) Deixar de cumprir as obrigas e os compromisos asumidos e requisitos que deron orixe ao recoñecemento.

c) Imperativas por disposición lexislativa, ou por resolución da autoridade competente polo incumprimento grave da normativa durante dúas campañas.

3. Ata que non se resolva o procedemento de retirada do recoñecemento polo órgano competente poderase acordar a adopción das medidas cautelares que correspondan, relativas fundamentalmente a evitar novos incumprimentos ou danos e prexuízos a terceiros derivados do emprego da identificación de garantía privada recoñecida, debéndose informar o interesado da adopción das ditas medidas, de conformidade co establecido nos artigos 59 e seguintes da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

Artigo 43º.-Aprobación das identificacións de garantía de carácter privado.

As identificacións de garantía que, se é o caso, sexan aprobadas pola comunidade autónoma mediante a aprobación dos seus sistemas de calidade (procedementos, protocolos e normativa ou regulamentos técnicos), nos que se ampara a identificación de garantía privada, así como a retirada destas, comunicaranse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Capítulo VI

Da formación no sistema de produción integrada

Artigo 44º.-Niveis de formación.

1. A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, a través da Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, establecerá os contidos dos cursos de formación para cada un dos diferentes niveis, determinados en función do persoal ao que se vaia dirixir. Neste senso diferenciaranse tres niveis de formación: curso de formación de operadores, curso de formación de técnicos e curso de formación de formadores.

2. O curso de formación de operadores estará dirixido aos operadores que están levando a cabo ou que vaian levar na súa explotación ou instalacións, prácticas recollidas no sistema de produción integrada.

O devandito curso terá unha carga lectiva total de 30 horas, repartidas entre os contidos que se determinan no anexo IX desta orde.

3. O curso de formación de técnicos estará dirixido aos técnicos responsables da dirección, seguimento e control do cumprimento das normas de produción integrada aplicables no exercicio da actividade de produción ou comercialización, e será denominado curso de formación de técnicos en produción integrada.

O devandito curso terá unha carga lectiva total de 40 horas, repartidas entre os contidos que se determinan no anexo IX desta orde, e cualificará o técnico para levar a cabo as funcións de técnico responsable no exercicio da actividade que se trate.

4. Os operadores, así como as empresas que prestan servizo técnico facilitarán a formación continua dos técnicos responsables do seguimento e control do sistema de PI.

5. O curso de formación de formadores dirixirase a persoal técnico da Administración e entidades homologadas para a impartición dos cursos. O dito curso terá unha carga lectiva total de 50 horas, repartidas entre os contidos que se determinan no anexo IX desta orde.

6. Poderase obter o diploma de asistencia e aproveitamento da realización de cada tipo de curso, tras a superación dunha proba de avaliación sobre os contidos del. Para poder acceder á dita proba o interesado deberá asistir polo menos ao 80% das horas lectivas que compoñen o módulo xenérico e específico. No caso de que se cursase un módulo específico dun cultivo ou grupo de cultivos ou produtos, e queira facerse o doutros, soamente será necesario realizar a parte específica correspondente a estes, debendo en calquera caso superar a proba de avaliación correspondente.

Artigo 45º.-Organización ou homologación de cursos de formación.

1. Co fin de garantir a formación no ámbito da produción integrada a Consellería de Política Agro-

alimentaria e Desenvolvemento Rural poderá organizar cursos de formación dirixidos aos técnicos en produción integrada, a través da Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria en colaboración co Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia (CFITAGA). Así mesmo, tamén poderá homologar a outras entidades para a súa organización.

2. Os cursos de formación dirixidos aos operadores poderan ser organizados pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, a través do Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia (CFITAGA), ou ben a consellería poderá homologar outras entidades para a súa realización.

3. A homologación dos cursos de formación requirirá a verificación do programa e contidos do curso, así como dos medios materiais e humanos cos que conta a entidade organizadora para a súa impartición. Para os ditos cursos emitirá a Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, os correspondentes certificados de recoñecemento, unha vez que se lle facilite pola entidade organizadora, a relación de alumnos que superaron o curso con aproveitamento.

Capítulo VII

Do réxime sancionador

Artigo 46º.-Réxime xurídico das infraccións e sancións.

O incumprimento das obrigas previstas nesta orde considérase infracción en materia de produción agropecuaria e será sancionado en virtude do disposto na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade agroalimentaria galega.

Disposición transitoria

Mentres non estean autorizados entes públicos ou entidades de certificación ou recoñecidas provisionalmente, a Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria será a que poida exercer as actividades propias das ditas entidades de certificación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Desenvolvemento e execución.

Facultase o director xeral de Produción de Sanidade Agropecuaria para ditar as disposicións necesarias de desenvolvemento e execución do disposto nesta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2005.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria e
Desenvolvemento Rural

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 POLÍTICA AGROALIMENTARIA
 E DESENVOLVEMENTO RURAL

APRIA

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DE PRODUTORES DE PRODUCCIÓN INTEGRADA (APRIA)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AG461A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

1.- IDENTIFICACIÓN DA APRIA

DENOMINACIÓN			CIF
DOMICILIO SOCIAL			Nº
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DO REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS			NIF
DOMICILIO			Nº
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

2.- COMPOSICIÓN DA APRIA

Nº TOTAL DE PRODUTORES	CULTIVO/PRODUTO OU GRUPO DE CULTIVOS OU PRODUTOS		SUPERFICIE TOTAL DE CULTIVO		Nº TOTAL DE PARCELAS	
	ESPECIE	VARIETADE	AIRE LIBRE	PROTEXIDO	AIRE LIBRE	PROTEXIDO

3.- SERVIZO TÉCNICO COMPETENTE EN PRODUCCIÓN INTEGRADA

TIPO	<input type="checkbox"/> TÉCNICO DE APRIA <input type="checkbox"/> EMPRESA DE SERVIZOS	
IDENTIFICACIÓN DO SERVIZO TÉCNICO	NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL DO SERVIZO TÉCNICO	
NIF/CIF	TITULACIÓN DO TÉCNICO	
DEDICACIÓN DO SERVIZO TÉCNICO	Nº UTA	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 68/2004 (DOG nº 64).

Orde do 30 de maio de 2005 pola que se desenvolve o Decreto 68/2004, do 11 de marzo, que regula a produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios. (DOG nº _____).

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

de de 200

Director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NUMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

ANEXO I

O representante da APRIA

D./Dña _____, con nº de CIF _____

DECLARA e RESPONSABILÍZASE:

da veracidade dos datos contidos, así como na documentación que se achega nesta solicitude e comprométese a cumprir todos os requisitos legalmente establecidos para a produción integrada segundo o Decreto 68/2004, do 11 de marzo, e normativa de desenvolvemento.

e SOLICITA:

O recoñecemento da APRIA

_____ de _____ de 200__

Asina

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ORIXINAL OU COPIA COTEXADA)

- CIF DA AGRUPACIÓN.
- NIF DO REPRESENTANTE LEGAL E DOCUMENTO QUE O ACREDITE.
- ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E ESTATUTOS DA AGRUPACIÓN.
- DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE A CONSTITUCIÓN DA APRIA SEGUNDO O ARTIGO 4º D) NO CASO DA SÚA FORMACIÓN NUNHA ENTIDADE CON PERSONALIDADE XURÍDICA PROPIA.
- RELACIÓN DOS INTEGRANTES E SUBSCRIBIÓN DE COMPROMISOS. SEGUNDO MODELO DE ANEXO III.
- DOCUMENTO ACREDITATIVO DA VINCULACIÓN CONTRACTUAL DO SERVIZO TÉCNICO E DA TITULACIÓN DO/S TÉCNICO/S.
- CERTIFICADO DE REALIZACIÓN DO CURSO DE FORMACIÓN PARA TÉCNICOS OU COMPROMISO DE TER QUE REALIZALO.
- MEMORIA ASINADA POLO TÉCNICO COMPETENTE SEGUNDO O INDICADO NAS LETRAS H) OU E I) DO ARTIGO 4º, EN FUNCIÓN DA ACTIVIDADE QUE CORRESPONDA.

NOTA:

De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal os datos poderán ser rexistrados nun ficheiro automatizado, coa finalidade de realizar unha mellor xestión e sendo destinatario da información a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia. O solicitante outorga o seu consentimento expreso á cesión total ou parcial dos datos persoais segundo o establecido para os usos e fins na orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural pola que se crea o ficheiro do "Rexistro Oficial de Produción Integrada". Os interesados poderán exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante os órganos que, para cada caso, figuran no anexo da antedita orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural como responsable do tratamento e con domicilio en edif. administrativo S. Caetano s/n. 15.871. Santiago de Compostela. A Coruña.

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL

OPERADORES

Nº REGISTRO DE PRODUCCIÓN INTEGRADA (PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN)

 SOLICITUDE RENOVACIÓN MODIFICACIÓN

PROCEDEMENTO

INSCRICIÓN NO REGISTRO DE OPERADORES DE PRODUCCIÓN INTEGRADA

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

AG461A

DOCUMENTO

SOLICITUDE

1.- DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF DO SOLICITANTE (NUMERACIÓN COMPLETA INCLUÍNDOLLE LETRAS)	
TIPO DE SOLICITANTE <input type="checkbox"/> ENTIDADE <input type="checkbox"/> AGRUPACIÓN <input type="checkbox"/> APRIA (SINALAR NESTE CASO. RESOLUCIÓN DE RECOÑECEMENTO) DATA: ____/____/____			
ENDERZO DA SEDE SOCIAL			Nº
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DO REPRESENTANTE (NON CUMPRIMENTAR NO CASO DE APRIA)

NOME E APELIDOS		NIF	
DOMICILIO			Nº
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
FAX	CORREO ELECTRÓNICO		
ENTIDADE OU AGRUPACIÓN Á QUE REPRESENTA <input type="checkbox"/> SL <input type="checkbox"/> CB <input type="checkbox"/> SAT <input type="checkbox"/> COOP. <input type="checkbox"/> ASOC.		OUTROS TIPOS	

2.- ACTIVIDADES QUE REALIZARÁ O OPERADOR (NON CUBRIR NO CASO DE APRIA)

TIPO DE ACTIVIDADE	ÁMBITO DA IDENTIFICACIÓN DE GARANTÍA	CULTIVO/PRODUTO OU GRUPO DE CULTIVOS OU PRODUTOS
<input type="checkbox"/> OBTENCIÓN PRODUTO	<input type="checkbox"/> AUTONÓMICA <input type="checkbox"/> PRIVADA	_____
<input type="checkbox"/> ELABORACIÓN, MANIPULACIÓN, ENVASADO, ALMACENAMENTO, ETIQUETAXE OU COMERCIALIZACIÓN	<input type="checkbox"/> AUTONÓMICA <input type="checkbox"/> PRIVADA	_____

3.- SERVIZO TÉCNICO COMPETENTE EN PI (NON CUBRIR NO CASO DE APRIA)

TIPO	<input type="checkbox"/> TÉCNICO DA AGRUPACIÓN <input type="checkbox"/> EMPRESA DE SERVIZOS	
IDENTIFICACIÓN DO SERVIZO TÉCNICO		NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL
NIF/CIF	TITULACIÓN DO TÉCNICO	
DEDICACIÓN DO SERVIZO TÉCNICO		Nº UTA
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

4.- ENTIDADE DE CERTIFICACIÓN

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	CIF
--------------------------	-----

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 68/2004, do 11 de marzo (DOG nº 64).

Orden do 30 de maio de 2005 pola que se desenvolve o Decreto 68/2004, do 11 de marzo, que regula a produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios. (DOG nº _____).

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

. de de 200 .

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II

O solicitante
D./Dña _____, con nº de DNI _____

DECLARA e RESPONSABILÍZASE:

da veracidade dos datos contidos nesta solicitude así como da documentación que se achega e

COMPROMÉTESE:

a cumprir todos os requisitos legalmente establecidos para a produción integrada segundo o Decreto 68/2004, do 11 de marzo, e normativa de desenvolvemento, así como as que expresamente subscribo na declaración de compromisos adquiridos e

SOLICITA:

A inscrición Renovación ou Modificación, no Rexistro Oficial da Produción Integrada da Comunidade Autónoma de Galicia.

_____ de _____ de 200__

Asina

DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA (ORIXINAL OU COPIA COTEXADA)

- NIF/CIF DO OPERADOR.
- NIF DO REPRESENTANTE LEGAL E DO DOCUMENTO QUE O ACREDITE.
- NO CASO DUN OPERADOR CON PERSONALIDADE XURÍDICA, ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E ESTATUTOS.
- RELACIÓN DOS SEUS INTEGRANTES E SUBSCRICIÓN DE COMPROMISOS SEGUNDO MODELO DE ANEXO III.
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA VINCULACIÓN CONTRACTUAL DO SERVIZO TÉCNICO, TITULACIÓN DO/S TÉCNICO/S E CERTIFICADO QUE ACREDITE A REALIZACIÓN DO CURSO DE FORMACIÓN DE TÉCNICOS EN P.I. OU COMPROMISO DE TER QUE REALIZALO.
- DOCUMENTO QUE ACREDITE A VINCULACIÓN CUNHA ENTIDADE DE CERTIFICACIÓN.
- MEMORIA ASINADA POLO TÉCNICO COMPETENTE SEGUNDO O INDICADO NAS LETRAS G), H) OU/E I) DO ARTIGO 12º, EN FUNCIÓN DA ACTIVIDADE QUE CORRESPONDA.

NOTA:

De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal os datos poderán ser rexistrados nun ficheiro automatizado, coa finalidade de realizar unha mellor xestión e sendo destinatario da información a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia. O solicitante outorga o seu consentimento expreso á cesión total ou parcial dos datos persoais segundo o establecido para os usos e fins na orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural pola que se crea o ficheiro do "Rexistro Oficial de Produción Integrada". Os interesados poderán exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante os órganos que, para cada caso, figuran no anexo da antedita orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural como responsable do tratamento e con domicilio en edif. administrativo S. Caetano s/n. 15.871. Santiago de Compostela. A Coruña.

ANEXO III

1.- RELACIÓN DE INTEGRANTES DO OPERADOR E SUBSCRIPCIÓN DE COMPROMISOS

<i>NOME E APELIDOS</i>	<i>NIF</i>	<i>SINATURA</i>

Páxina ___ de ___

ANEXO III

Os integrantes asociados que se relacionan nesta folla, comprométese a cumprir todos os requisitos legalmente establecidos para a produción integrada segundo as disposicións estatais e autonómicas en vigor e concretamente os compromisos derivados da figura do operador que son:

- a) Cumprir as normas de produción integrada e concretamente aplicar as condicións previstas nos regulamentos técnicos específicos de produción integrada.
- b) Dispor dos servizos técnicos competentes nas técnicas de produción integrada de acordo co previsto no artigo 3º do Decreto 68/2004, do 11 de marzo.
- c) Fomentar a formación nesta materia do persoal ao seu cargo que desenvolva tarefas de produción integrada.
- d) Dispor, no caso de operadores dedicados á obtención de produtos, dun caderno de explotación oficial onde se anotén todas as operacións levadas a cabo, e no caso de operadores dedicados a outras operacións (manipulación, elaboración, envasado, almacenamento, etiquetaxe ou comercialización), un rexistro das partidas onde mediante anotacións e documentos se poida comprobar a orixe, natureza e cantidades de materias primas adquiridas así como o uso, cantidade e destino dos produtos agrarios expedidos.
- e) Obter as producións tanto vexetais como animais en unidades de produción ou explotación claramente separadas doutras que non estean sometidas ás normas vixentes en materia de produción integrada.
- f) Manipular, elaborar, envasar, etiquetar, almacenar e comercializar por separado, no espazo ou no tempo, as producións obtidas baixo as correspondentes normas de P.I. doutras obtidas por métodos diferentes.
- g) Adoptar as medidas adecuadas para asegurar que durante todas as fases de produción e comercialización non poida haber substitución dos produtos elaborados de acordo coas normas de produción integrada por outros que se elaborasen de acordo con outros métodos.
- h) Someterse ao mecanismo de control establecido polas entidades de certificación autorizadas.
- i) Someterse ás instrucións e controis específicos de supervisión da autoridade competente que corresponda en cada caso.
- j) Notificarlle anualmente á entidade de certificación e con anterioridade á data que se determine, o seu programa de produción, detallándoo por parcelas.
- k) Adoptar as medidas correctoras que resolvan irregularidades detectadas polas entidades de certificación na produción e comercialización.
- l) Facer bo uso do distintivo de P.I.

NOTA:

De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal os datos poderán ser rexistrados nun ficheiro automatizado, coa finalidade de realizar unha mellor xestión e sendo destinatario da información a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia. O solicitante outorga o seu consentimento expreso á cesión total ou parcial dos datos persoais segundo o establecido para os usos e fins na orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural pola que se crea o ficheiro do “Rexistro Oficial de Produción Integrada”. Os interesados poderán exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante os órganos que, para cada caso, figuran no anexo da antedita orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural como responsable do tratamento e con domicilio en edif. administrativo S. Caetano s/n. 15.871. Santiago de Compostela. A Coruña.

ANEXO IV

RELACIÓN DE PARCELAS E CULTIVO POR INTEGRANTE

CAMPAÑA: _____

Nº ORDE	REFERENCIA CATASTRAL						UHC	CULTIVO OU PRODUTO			
	CÓD. PROVINCIA	CÓD. CONCELLO	POLÍGONO	PARCELA	SUBPARCELA/ RECINTO	SUPERFICIE		ESPECIE	VARIIDADE	SUPERFICIE DE CULTIVO	
										AIRE LIBRE	PROTEXIDO

NOTA:
De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal os datos poderán ser rexistrados nun ficheiro automatizado, coa finalidade de realizar unha mellor xestión e sendo destinatario da información a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xutna de Galicia. O solicitante outorga o seu consentimento expreso á cesión total ou parcial dos datos persoais segundo o establecido para os usos e fins na orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural pola que se crea o ficheiro do “Rexistro Oficial de Produción Integrada”. Os interesados poderán exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante os órganos que, para cada caso, figuran no anexo da antedita orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural como responsable do tratamento e con domicilio en Edif. Administrativo S. Caetano s/n. 15.871. Santiago de Compostela. A Coruña.

ANEXO V

RELACIÓN DE EDIFICACIÓN E LOCAIS DEDICADOS A OPERACIÓN DE MANIPULACIÓN, ELABORACIÓN, ENVASADO, ETIQUETAXE, ALMACENAMIENTO

Nº ORDE	RELACIÓN DE EDIFICACIÓN E LOCAIS	ACTIVIDADE	REFERENCIA CATASTRAL				CULTIVO OU PRODUTO (ESPECIE E VARIIDADE)	VOLUME ANUAL (KG, O L)	MARCA COMERCIAL	DESTINO
			CÓD. PROVINCIA	CÓD. CONCELLO	POL.	PARCELA				

NOTA:

De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal os datos poderán ser rexistrados nun ficheiro automatizado, coa finalidade de realizar unha mellor xestión e sendo destinatario da información a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia. O solicitante outorga o seu consentimento expreso á cesión total ou parcial dos datos persoais segundo o establecido para os usos e fins na orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural pola que se crea o ficheiro do "Rexistro Oficial de Producción Integrada". Os interesados poderán exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante os órganos que, para cada caso, figuran no anexo da antedita orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural como responsable do tratamento e con domicilio en edif. administrativo S. Caetano s/n. 15.871. Santiago de Compostela. A Coruña.

ANEXO VI



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL

ENTIDADE DE CERTIFICACIÓN

AUTORIZACIÓN RENOVACIÓN

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN DE ENTIDADES DE CERTIFICACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AG461A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

1.- IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE DE CERTIFICACIÓN

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE		CIF	
DOMICILIO SOCIAL			Nº
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DO REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS		NIF	
DOMICILIO			Nº
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

2.- ALCANCE DE PRODUTOS QUE SE VAN CERTIFICAR

CULTIVO OU PRODUTO	DOCUMENTO NORMATIVO OU REGULAMENTO TÉCNICO ESPECÍFICO	DATOS DA ACREDITACIÓN (ALCANCE DA ACREDITACIÓN ENAC, SOLICITUDE DE ACREDITACIÓN OU OUTRAS SITUACIÓN S)

O representante legal da entidade de certificación _____
 D./Dña _____ con nº de CIF _____
DECLARA e RESPONSABILÍZASE: da veracidade dos datos contidos nesta solicitude, así como da documentación que se achega, e **COMPROMÉTESE:** a cumprir as obrigas recollidas na normativa vixente no réxime de produción integrada, así como:

A poñer á disposición da autoridade competente a información requirida conforme o especificado no artigo 25º desta orde.
 A comunicarlle con periodicidade mensual á autoridade competente as concesións realizadas para o emprego da identificación no sistema de produción integrada, dentro do ámbito territorial de Galicia.

e **SOLICITA:**

A autorización para ser inscrito no Rexistro Oficial de Produción Integrada, para el alcance definido pola norma ou regulamento técnico sinalados nesta solicitude.
 A renovación da autorización.

LEXISLACION APLICABLE
Decreto 68/2004 (DOG nº 64).
Orde do 30 de maio de 2005 pola que se desenvolve o Decreto 68/2004, do 11 de marzo, que regula a produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios. (DOG nº _____).

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

_____ de _____ de 2005

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria

ANEXO VI

DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA (ORIXINAL OU COPIA COTEXADA)

- CIF DA ENTIDADE.
- ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E DOS ESTATUTOS DA ENTIDADE.
- CIF DO REPRESENTANTE LEGAL E DOCUMENTACIÓN QUE O ACREDITE COMO TAL.
- CERTIFICADO ENAC CUN ALCANCE QUE INCLÚA O DOCUMENTO NORMATIVO, OU REGULAMENTO DO PRODUTO QUE SE VAI CERTIFICAR.
- SOLICITUDE DE ACREDITACIÓN Á ENTIDADE DE ACREDITACIÓN, SE É O CASO
- CONTESTACIÓN DA ENTIDADE DE ACREDITACIÓN NO QUE SE ASINE UN NÚMERO DE EXPEDIENTE.
- DOCUMENTO NORMATIVO O NORMA DO PRODUTO QUE SE SOLICITA CERTIFICAR.
- MANUAL DE CALIDADE DA ENTIDADE E PROCEDIMENTOS DE CONTROL DE ACORDO CO ESPECIFICADO NA LETRA G) DO ARTIGO 23º DA PRESENTE ORDE.
- MEMORIA DESCRIPTIVA DE ACORDO CA LETRA H) DO ARTIGO 23º DESTA NORMA.
- TARIFAS APLICABLES PARA A APERTURA DO EXPEDIENTE, PRIMEIRA AUDITORÍA, CERTIFICACIÓN, ANÁLISE E MANTEMENTO.
- PÓLIZA DE SEGUROS DE RESPONSABILIDADE POR UN IMPORTE NON INFERIOR A 600.000 EUROS.
- ACORDOS FORMALIZADOS OU CONTRATOS, SE É O CASO, CON ENTIDADES DE INSPECCIÓN OU CON LABORATORIOS DE ENSAIOS OU DE ANÁLISES AUTORIZADAS.
- DECLARACIÓN DE CALQUERA OUTRA ACTIVIDADE QUE REALICE A ENTIDADE, ADEMAIS DA ACTIVIDADE DE CERTIFICACIÓN.

NOTA:

De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal os datos poderán ser rexistrados nun ficheiro automatizado, coa finalidade de realizar unha mellor xestión e sendo destinatario da información a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia. O solicitante outorga o seu consentimento expreso á cesión total ou parcial dos datos persoais segundo o establecido para os usos e fins na orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural pola que se crea o ficheiro do "Rexistro Oficial de Producción Integrada". Os interesados poderán exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante os órganos que, para cada caso, figuran no anexo da antedita orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural como responsable do tratamento e con domicilio en edif. administrativo S. Caetano s/n. 15.871. Santiago de Compostela. A Coruña.

ANEXO VII

LOGOTIPO IDENTIFICATIVO DA PRODUCCIÓN INTEGRADA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Decreto 68/2004 (DOG nº 64).- Orde de (DOG nº)



ANEXO VIII



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL

AUTORIZACIÓN
 RENOVACIÓN
 MODIFICACIÓN

PROCEDIMENTO AUTORIZACIÓN DO EMPREGO DA IDENTIFICACIÓN DE GARANTÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO AG461A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

1.- DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF DO SOLICITANTE (NUMERACIÓN COMPLETA, INCLUÍNDO LETRAS)	
TIPO DE SOLICITANTE <input type="checkbox"/> ENTIDADE <input type="checkbox"/> AGRUPACIÓN <input type="checkbox"/> APRIA			
ENDEREZO			Nº
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

2.- DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE		NIF/CIF (NUMERACIÓN COMPLETA, INCLUÍNDO LETRAS)	
ENDEREZO			Nº
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
FAX	CORREO ELECTRÓNICO		
ENTIDADE OU AGRUPACIÓN Á QUE REPRESENTA <input type="checkbox"/> SL <input type="checkbox"/> CB <input type="checkbox"/> SAT <input type="checkbox"/> COOP. <input type="checkbox"/> ASOC.		OUTROS TIPOS	

3.- SECCIÓN DE OPERADORES

<input type="checkbox"/> OBTENCIÓN DO PRODUTO	<input type="checkbox"/> ELABORACIÓN, MANIPULACIÓN, ENVASADO, ALMACENAMENTO, ETIQUETAXE, COMERCIALIZACIÓN
<input type="checkbox"/> AGRÍCOLAS	<input type="checkbox"/> GANDEIROS

4.- PRODUCTOS

CULTIVO OU GRUPO DE CULTIVOS	USO	MARCA COMERCIAL	DESTINO PREVISTO	PRODUCCIÓN GANDEIRAS	USO	MARCA COMERCIAL	DESTINO PREVISTO

LEXISLACIÓN APLICABLE
Decreto 68/2004 (DOG nº 64).
Orde do 30 de maio de 2005 pola que se desenvolve o Decreto 68/2004, do 11 de marzo, que regula a produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios. (DOG nº _____).

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

_____ de _____ de 2005

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

. Director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria

ANEXO VIII

O representante legal

D. / Dña. _____, con nº de CIF _____

DECLARA e RESPONSABILÍZASE:

da veracidade dos datos contidos, así como da documentación que se achega nesta solicitude, e comprométese a cumprir todos os requisitos legalmente establecidos na normativa vixente do réxime da produción integrada .

e **SOLICITA:**

- A autorización para o emprego da identificación de garantía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A renovación da autorización.
- A modificación da autorización.

_____, ____ de _____ de 200__

Asina

DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA (ORIXINAL OU COPIA COTEXADA)

- NIF/CIF DO SOLICITANTE.
- NIF DO REPRESENTANTE LEGAL. SE É O CASO.
- CERTIFICADO DA ENTIDADE DE CERTIFICACIÓN OU DO ENTE OU ORGANISMO PÚBLICO DE CONTROL SOBRE O CUMPRIMENTO DA NORMA TÉCNICA DO PRODUTO PARA O QUE O OPERADOR ESTÁ REXISTRADO.

NOTA:

De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal os datos poderán ser rexistrados nun ficheiro automatizado, coa finalidade de realizar unha mellor xestión e sendo destinatario da información a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia. O solicitante outorga o seu consentimento expreso á cesión total ou parcial dos datos persoais segundo o establecido para os usos e fins na orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural pola que se crea o ficheiro do "Rexistro Oficial de Produción Integrada". Os interesados poderán exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante os órganos que, para cada caso, figuran no anexo da antedita orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural como responsable do tratamento e con domicilio en edif. administrativo S. Caetano s/n. 15.871. Santiago de Compostela. A Coruña.

ANEXO IX

Contidos dos cursos de formación en produción integrada
Decreto 68/2004 (DOG nº 64).

I) Curso básico de produción integrada.

A. Introducción á produción integrada.

Tema 1. Conceptos básicos de PI.

Tema 2. Aspectos xerais de PI.

B. Parte xeral.

Tema 3. Identificación e rastrexabilidade.

Tema 4. Control de calidade.

Tema 5. Xestión de residuos.

Tema 6. Residuos de fitosanitarios ou zoonosarios.

Tema 7. Seguridade e hixiene/benestar animal. Prevención de riscos.

Tema 8. Protección ambiental.

Tema 9. Normativa legal.

Tema 10. Non-conformidades.

C. Módulo específico de explotación.

* (Explotación agrícola).

Bloque xeral.

Tema 11. Instalacións, equipamento e persoal.

Tema 12. Aspectos agronómicos xerais.

Tema 13. Solo, preparación do terreo e labores.

Tema 14. Sementeira e plantación.

Tema 15. Fertilización e emendas.

Tema 16. Poda e manexo da plantación.

Tema 17. Polinización e inicio maduración do froito.

Tema 18. Rega.

Tema 19. Control integrado.

Tema 20. Colleita.

Tema 21. Toxicoloxía, efectos secundarios e residuos.

* (Explotación gandeira).

Bloque xeral.

Tema 11. Instalacións, equipamento e persoal.

Tema 12. Requisitos xerais dos animais.

Tema 13. Sistemas de manexo.

Tema 14. Sistemas de reprodución.

Tema 15. Profilaxes.

Tema 16. Alimentación.

Tema 17. Tratamento do produto.

D. Caderno de explotación.

Total: 30 horas.

D. Caderno de explotación.

Total: 30 horas.

C. Módulo específico da central e/ou industria.

Tema 11. Instalacións, equipamento e persoal.

Tema 12. Recepción.

Tema 13. Tratamento poscolleita.

Tema 14. Conservación.

Tema 15. Almacenamento.

Tema 16. Envasado.

Tema 17. Expedición.

Tema 18. APPCC.

D. Caderno da central e/ou industria.

Total: 30 horas.

II) Curso de formación de técnicos en produción integrada.

A. Introducción á produción integrada.

Tema 1. Conceptos básicos de P1.

Tema 2. Aspectos xerais de P1.

B. Parte xeral.

Tema 3. Identificación e rastrexabilidade.

Tema 4. Control de calidade.

Tema 5. Xestión de residuos.

Tema 6. Residuos de fitosanitarios.

Tema 7. Seguridade e hixiene/Benestar animal. Prevención de riscos.

Tema 8. Protección ambiental.

Tema 9. Normativa legal.

Tema 10. Non-conformidades.

C. Módulo específico de explotación.

* (Explotación agrícola).

Bloque xeral.

Tema 11. Instalacións, equipamento e persoal.

Tema 12. Aspectos agronómicos xerais.

Tema 13. Solo, preparación do terreo e labores.

Tema 14. Sementeira e plantación.

Tema 15. Fertilización e emendas.

Tema 16. Poda e manexo da plantación.

Tema 17. Polinización e inicio maduración do froito.

Tema 18. Rega.

Tema 19. Control integrado.

Tema 20. Colleita.

Tema 21. Toxicoloxía, efectos secundarios e residuos.

Bloque específico por grupo de cultivos (*).

Ademais do bloque xeral nos temas 13 a 20 haberá unha formación específica para cada grupo de cultivos.

* (Explotación gandeira).

Bloque xeral.

Tema 11. Instalacións, equipamento e persoal.

Tema 12. Requisitos xerais dos animais.

Tema 13. Sistema de manexo.

Tema 14. Sistemas de reprodución.

Tema 15. Profilaxe.

Tema 16. Alimentación.

Tema 17. Tratamento do produto.

Bloque específico por grupo de cultivos (*).

Ademais do bloque xeral nos temas 11 a 17 haberá unha formación específica para cada grupo de cultivos.

D. Caderno de explotación.

Total: 40 horas.

C. Caderno de explotación.

Total: 40 horas.

C. Módulo específico da central e/ou industria.

Tema 11. Instalacións, equipamento e persoal.

Tema 12. Recepción.

Tema 13. Tratamento poscolleita.

Tema 14. Conservación.

Tema 15. Almacenamento.

Tema 16. Envasado.

Tema 17. Expedición.

Tema 18. APPCC.

D. Caderno da central e/ou industria.

Total: 40 Horas.

III) Curso de formador de formadores.

A. Introducción á produción integrada.

Tema 1. Conceptos básicos de P1.

Tema 2. Aspectos xerais de P1.

B. Parte xeral.

Tema 3. Identificación e rastrexabilidade.

Tema 4. Control de calidade.

Tema 5. Xestión de residuos.

Tema 6. Residuos de fitosanitarios.

Tema 7. Seguridade e hixiene/benestar animal. Prevención de riscos.

Tema 8. Protección ambiental.

Tema 9. Normativa legal.

Tema 10. Non-conformidades.

C. Parte específica.

* (Explotación agrícola).

Bloque xeral.

Tema 11. Instalacións, equipamento e persoal.

Tema 12. Aspectos agronómicos xerais.

Tema 13. Solo, preparación do terreo e labores.

Tema 14. Sementeira e plantación.

Tema 15. Fertilización e emendas.

Tema 16. Poda e manexo da plantación.

Tema 17. Polinización e inicio maduración do froito.

Tema 18. Rega.

Tema 19. Control integrado.

Tema 20. Colleita.

Tema 21. Toxicoloxía, efectos secundarios e residuos.

Bloque específico para os grupos de cultivo.

Ademais dos bloques xerais nos temas 13 a 27 haberá unha formación específica para cada un dos grupos de cultivos.

* (Explotación gandeira).

Bloque xeral.

Tema 11. Instalacións, equipamento e persoal.

Tema 12. Requisitos xerais dos animais.

Tema 13. Sistemas de manexo.

Tema 14. Sistemas de reprodución.

Tema 15. Profilaxe.

Tema 16. Alimentación.

Tema 17. Tratamento do produto.

Bloque específico para cada grupo de animais (*).

Ademais do bloque xeral nos temas 11 a 17 haberá unha formación específica para tipo de explotación animal.

Bloque xeral de central e/ou industria.

Tema 22. Instalacións, equipo e persoal.

Tema 23. Recepción.

Tema 24. Tratamento poscolleita.

Tema 25. Conservación.

Tema 26. Almacenamento.

Tema 27. Envasado.

Tema 28. Expedición.

Tema 29. APPCC.

D. Caderno de explotación e caderno da central.

E. Bloque didáctico.

Tema 30. Metodoloxía didáctica da aprendizaxe. Métodos de ensinanza. Obxectivos da formación. Aptitudes pedagóxicas que debe ter un profesor. Simulación práctica da metodoloxía da formación.

Total: 50 horas.